



Tomás Boullosa Moure, concelleiro do Grupo Municipal do BNG de Vilaboa, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no Pleno do 27/01/10:

## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

As pistas do barrio de Sabaxáns, na parroquia de Bértola están cheas de pronunciados baches. O problema máis preocupante é na pista que vai pegado ao río que transcorre por alí, xa que a auga destruíu parte da pista e isto supón un perigo para os coches que transitan por ela, ao atoparse xusto nunha curva.

Tamén se atopa en pésimas condicións o vial de acceso ao barrio da Rialiña, na parroquia de Bértola, que ven desde Salcedo e que atravesa a autoestrada AP-9. Este vial é moi transitado polos veciños e veciñas do lugar, polo que sería necesario que se acometeran as obras necesarias para acondicionalo, como é un bacheo integral.

Por todo iso, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

## **ACORDO:**

**Primeiro.** O concello de Vilaboa acometerá as obras necesarias para mellorar o estado actual dos viais do barrio de Sabaxáns, en Bértola.

**Segundo.** O concello de Vilaboa acondicionará o vial de acceso ao lugar da Rialiña, en Bértola.

Vilaboa, 26 de xaneiro de 2010.

Tomás Boullosa Moure

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VILABOA